Liriodendron tulipifera L., 1753

- tulipeiro, árbore das tulipas, t. de Virxinia
- tulipero de Virginia, árbol de los tulipanes
- tulipa-arbola, tulipa-zuhaitza
- tuliper de Virgínia, tuliper
- yellow poplar
- tulipeiro, tulipeiro-da-Virgínia, árvore-das-tulipas



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Magnoliales**	**Magnoliaceae**	***Liriodendron***

ORIXE

América do Norte.

CARACTERÍSTICAS

Árbore caducifolia de ata 30-40 m de altura. Copa piramidal, densa e verde escura que se torna amarela no outono. Tronco recto e cilíndrico, con codia lisa e verdosa, que cambia a marrón escura e con fisuras verticais. Gromos ovoides, de 12-14 mm de longo, que pasan de verdosos a marrón-avermellados. Follas simples, alternas, amplamente ovadas a orbiculares, de 6-15 x 8-18 cm; enteiras ou a miúdo con 4-6 lóbulos, cunha base cuneada ou redondeada e un ápice caracteristicamente emarxinado ou truncado. Flores que aparecen despois das follas, terminais, solitarias, bisexuais, pediceladas, en forma de tulipa, de 5-10 cm de diámetro. Cáliz de 3 sépalos reflexos, lanceolados ou ovados. Froito formado pola fusión de numerosas sámaras, en forma de cono, duns 6-8 cm de longo, de cor marrón escura.

HÁBITAT

Atópase en solos con auga abundante e en vales húmidos preto das beiras de regatos e ríos. Cultívase como ornamental en parques e xardíns.

DISTRIBUCIÓN

Ribeiras meridionais do lago Erie, oeste de Illinois, sur de Alabama e Xeorxia; e raramente ao oeste do río Mississippi. Nos vales dos ríos que desembocan no río Ohio. Amplamente cultivada en moitas rexións como planta ornamental, introducida en Europa no século XVI.

CURIOSIDADES

A súa madeira utilízase para construción e madeira contrachapada. Ten veta recta, pouca contracción e excelentes calidades de pegado.